

LISTA DE ASISTENTES

Alberto Dafonte Gómez
Alberto Pena Rodríguez
Ana María Amorós Pons
Beatriz Legerén Lago
Carmen López De Aguilera Clemente
Carmen Máiz Bar
Diana Ramahi Garcia Emma
Torres Romay
Fortunato Rodríguez
Jorge Lens
Jose Ruas Araújo
Juan Manuel Corbacho Valencia
Julinda Molares Cardoso
Luís Xabier Martínez Rolán
María Isabel Míguez González
Montserrat María Vázquez Gestal
Oswaldo García Crespo
Sergio Frade Fraga
Vicente Badenes
Xosé Manuel Baamonde Silva

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA M^a

Isabel Moreira Recamán
Ana Belén F. Souto
Silvia García Mirón
David Formoso Vázquez

Acta da Sesión Extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o mércores 27 de xaneiro de 2021, ás 13:00 horas en convocatoria única na Sala de Xuntas 2, con código de acceso: OqSInDs5

ORDE DO DÍA

Punto único: Modificacións POD e solicitude de listas de agarda

O director de departamento informa de que é preciso facer cambios no POD e a maiores solicitar varios docentes da lista de agarda debido aos recursos presentados nas prazas a concurso e á praza pendente de resolver.

E presenta as seguintes modificacións para proceder á súa aprobación.

En primeiro lugar, solicítase un cambio en POD debido á baixa da profesora Laura Miragaya. O profesor Paulino Pérez Feijoo faise cargo de 50 horas na docencia **G070602-Guión, produción e realización de programas de ficción**. Motivo polo que deixa libres 45 horas na materia **G070501 - Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais**. Precisamos solicitar un docente na lista de agarda para impartir docencia na dita materia.

Dedicación:	F3_2C (45h)							
Período	Desde o	01/02/2021	ata o	11/06/2021				
Centro (con docencia maioritaria)	Código do centro	204	Nome do centro	Facultade de CC SS e da Comunicación				
Cód. Materia	Materias	Coad.	Horas. A		Horas. B		Horas. C	
			Horas	Grupo	Horas	Grupo	Horas	Grupo
G070501	Estratexias publicitarias e de RRPP para produtos audiovisuais	2C			30	B1		
					15	B2		
Total carga docente:					45			

Tal e como se mencionou, o retraso en resolver os recursos presentados ás prazas en concurso e á praza que está pendente de resolver implica que sexa necesario cubrir con lista de agarda a seguinte docencia:

- Para cubrir a docencia da praza **AXD2 105 2019_20 AXD2 105**, que está reclamada, solicitamos **dous P4** 2º cuatrimestre de 60 h. É preciso facelo así para cubrir o horario da materia **G190205 Teoría e práctica das relacións públicas**, xa que se imparte luns e martes de 10,00 h a 14, 00 h. Cada un dos docentes P4 só pode impartir 4 horas semanais.
- Para cubrir a docencia da praza **2020_21 AXD _105**, que está pendente de resolver, solicitamos **un P6** 2º cuatrimestre de 90 h para impartir a materia **G190601 Avaliación da eficacia publicitaria** que se imparte luns e venres de 10,00 h a 14,00 h. Este mesmo docente cubrirá parte da docencia, da mesma materia, na praza **A0105-AX2TC-6** que tamén está reclamada.

- Ademais solicitamos **un P4** de 60 h 2º cuatrimestre, para impartir a materia G070405 Xestión de proxectos audiovisuais e interactivos que se imparte os xoves de 10,00 h a 14,00 h. Igual que no caso anterior, temos que facelo deste xeito por mor dos horarios, xa que un P6 só pode impartir 6 horas á semana.

Antes de proceder á votación o profesor Xosé Bahamonde pregunta canto tempo pasará antes de contar cos docentes, xa que el imparte a teoría da materia **G070501 - Estratexias publicitarias e de relacións públicas para produtos audiovisuais**, e polo tanto precisa coordinarse co docente que imparta as prácticas. O director comunica que ao ser lista de agarda no leva moito tempo e ademais, debido a COVID, o comezo da docencia adíuse unha semana.

A profesora Beatriz Legerén comenta que ela tamén está na mesma situación coa materia que debe impartir no segundo cuatrimestre.

APRÓBASE por asentimento.

Sen nada máis que tratar, pechase a sesión ás 13:19 horas.

Pontevedra, 27 de xaneiro de 2021

O director do deptº



A secretaria do dptº